

O xornal da Terra de Melide

Nº 88. Maio 2013. Distribución gratuíta

O melindre xa presume de Festa de Interese Turístico

Era un obxectivo moi perseguido e por fin se converteu en realidade; a Xunta de Galicia acaba de concederlle á Festa do Melindre a distinción de "interese turístico", un recoñecemento que sitúa a repostería tradicional melidá nos principais circuitos de promoción e que pon en valor a súa calidade e exclusividade. A boa nova chega xusto a tempo para a XXII edición da festa, que se celebrará o próximo domingo 12 de maio. P14



EMPRESA

Asetem acollerá un obradoiro para aprender a xestionar o estrés laboral P4

COMARCA

Santiso chama ás mobilizacións para esixir que se arranxe xa a ponte P16

CULTURA

A primeira feira gastronómica do pulpo aspira a entrar no libro Guinness P20

ENTREVISTA



**Ana María
Tobío Pérez,
Ekaté**

P23

O Cire consegue o ansiado ascenso e volve a segunda




Nun vibrante partido a todo ou nada ante o Mesía, os de Popas fixéronse coa vitoria pola mínima e asinaron así a volta á segunda división autonómica. P19

Piden explicacións sobre o futuro da escola infantil



O PSOE considera que a construción dun novo centro e os cambios no regulamento interno do actual deixan no limbo a continuidade da gardería municipal. P9



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Segregacións e agrupacións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Catastro

- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.
- Imposto de sucesións

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Perder a educación

9 de maio: o sector da educación, dende infantil ata a universidade, está en folga para esixir a retirada do proxecto de Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) e para protestar contra os recortes. Por segunda vez na historia alumnos, mestres e pais secundan conxuntamente unha xornada de paro convocada en todas as etapas da educación. A primeira foi hai xusto un ano, en maio de 2011.

Non hai dúbida de que se trata de circunstancias extraordinarias e históricas para un momento tamén histórico no que asistimos á rápida degradación de todo aquilo que leva parello o adxectivo “público”. O rexeitamento é frontal e clamoroso contra unha norma que pon en perigo a educación tal e como a coñecemos ata agora, igualitaria e de calidade. Con todo, semella non ser suficiente para forzar unha rectificación ou mesmo a dimisión do ministro impulsor, José Ignacio Wert, valorado pola sociedade con 1,76 puntos sobre 10, segundo o barómetro do CIS.

Igual de contundente é o dato que reflicte que o 92% dos cidadáns están en contra de facer recortes en educación e que a sitúa, xunto coa sanidade e as pensións, na categoría das conquistas sociais intocables. Pero semella que

Pasatempo. Nesta clase formada trala reforma educativa, localice ao profesor/a



o consenso, cando se dá entre os cidadáns, non é válido. As cifras, tan socorridas para xustificalo todo, tampouco. Xa só queda a rúa, que se perfila como o único lugar posible para defender os dereitos adquiridos.

Dende o ano 2010 producíronse recortes orzamentarios no sector da educación por valor de 6.300 millóns de euros. Dende aquela tomáronse decisións que fixeron aumentar o número de alumnos por clase, que reduciron ou endurceron o acceso a bolsas, que deixaron na rúa a miles de mestres e que incrementaron as taxas universitarias. Á resaca de recortes hai que engadir en Galicia o copago nos comedores e a fin da gratuidade dos libros de texto.

Son só pequenos exemplos

do que aconteceu a aos que agora se suma un proxecto de lei que alén de afondar na precariedade da escola pública trae consigo unha forte carga ideolóxica: aposta de forma velada pola segregación de sexos, prima a relixión católica fronte á ensinanza laica e limita as competencias das comunidades autónomas, minguando a implantación das súas linguas oficiais.

Desigualdade, relixión e centralización recordan modelos educativos pasados que a sociedade rexeita manifestamente. As rúas falan e cómpre que sexan escoitadas. Non queren perder a educación pública de calidade, iso que custou décadas construír ata erixirse no símbolo por excelencia da igualdade de oportunidades; a esencia da democracia.

Tribuna de opinión

Cuestión de estado

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Unha vez máis abordamos nas páxinas deste xornal o mal estado de rúas e pistas no concello de Melide. Tan reiteradas son as referencias ao asunto como o problema en si, que lonxe de solucionarse, medra e reproducese ata o punto de poder dicirmos que as fochas son unha auténtica praga que condiciona a rutina diaria dos melidenses.

Circular por moitas vías do municipio é un auténtico calvario para o que non hai moita alternativa. A vila estase a converter nunha rateira con difícil escapatoria e as fochas saltan tamén ás conversas duns veciños cuxa paciencia comeza a esgotarse despois dun longo inverno convivindo co problema e, sobre todo, despois de moitos días de bo tempo nos que non se albisca

unha solución, aínda que sexa un remendo mal feito.

A cidadanía non precisa valoracións sobre o estado das vías, que é máis ca evidente para calquera que transite por elas. Precisa que se reparen canto antes e que se faga con garantías para evitar que o problema se reproduza ao cabo dun par de meses. Tal é o caso da estrada da Martagona, que ao pouco de ser arranzada xa presenta novas fochas. Cartos tirados.

Non é doado xestionar en tempo de vacas fracas pero hai certas prioridades que non se deben descoidar. E xa que unha imaxe vale máis ca mil palabras, recordemos tamén que o mal estado das rúas pode botar por terra en dous segundos a mellor das campañas turísticas sobre Melide.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	9
-COMARCA.....	16
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Asetem-Cca premia a fidelidade regalando bolsas para o verán



A partir do 15 de maio, e ata fin de existencias, Asetem-Cca agasallará cunha mochila ou unha bolsa de praia a todos aqueles clientes que realicen unha compra superior a 25 euros en calquera dos establecementos asociados. Para recollelas abondará con pasar polas oficinas da patronal en horario de 9:00 a 13:00 horas e presentar o ticket de compra. O cliente terá a opción de escoller entre

diferentes modelos: as bolsas de praia, cunhas medidas de 38 centímetros de alto por 52 de ancho, estarán dispoñibles nas cores laranxa, verde e vermella. No caso das mochilas, que miden 36 centímetros de alto por 26 de ancho, as cores a escoller serán a azul, a negra e a vermella. Co lanzamento desta campaña Asetem-Cca quere premiar a fidelidade do cliente e a súa aposta polo comercio local.

Formando líderes con bo criterio

Hai veces nas que é máis doado obedecer ca mandar. E cando se manda, tamén hai que saber facelo ben. Para aprender a liderar equipos de traballo aplicando unha dirección eficaz, quince persoas participan no curso de “Habilidades Directivas” que se está a impartir na sede de Asetem-Cca durante os meses de abril e maio. Os asistentes están aprendendo pautas de organización para xestionar mellor o tempo e tamén analizando o comportamento propio dun líder. Ademais están a traballar técnicas para comunicar mellor ideas, propostas e decisións. Outros dos módulos



O curso desenvólvese de luns a xoves no salón de actos de Asetem

céntrase na xestión dos conflitos e inclúe unha metodoloxía para identificar e resolver os problemas cotiáns dunha empresa. O programa inclúe formación para a igualdade.

NOTICIAS BREVES

Asemblea xeral o 16 de maio

Asetem-Cca celebrará Asemblea Xeral Ordinaria o 16 de maio, xoves, ás 21:00 horas en primeira convocatoria e ás 21:30 en segunda. A orde do día abrirase coa lectura e aprobación da acta anterior. De seguido presentarase o balance económico de 2012 e someterase á súa aprobación por parte dos socios. Tamén se presentará a memoria de actividades do ano pasado e trataranse os obxectivos para o presente exercicio. Do mesmo xeito, abordarase a liña de axudas da Xunta para os centros comerciais abertos ao abeiro do Plan Ágora. Ás 22:00 celebrárase unha Asemblea Xeral Extraordinaria para falar do xornal Cerne.

Liña de axudas do “Plan Ágora”

Asetem-Cca optará por terceiro ano consecutivo ao programa de axudas da Xunta para os centros comerciais abertos e prazas de abastos. Esta liña de subvencións, cuxa resolución se coñecerá a finais de ano, forma parte do Plan Ágora 2010-2013 para a estimulación do pequeno comercio e das economías locais. As axudas establecidas oscilan entre os 22.000 e os 44.000 euros, en función do número de socios das entidades e dos habitantes do territorio. Como novidade, este ano a administración primará o autofinanciamento das asociacións a través da captación de socios e as actuacións que benefician ás familias numerosas.

Códigos QR para o turismo

O Concello de Melide poñerá en marcha unha plataforma web na que inserir de maneira atractiva e dinámica toda a información turística e comercial da vila. Co obxectivo de que sexa plenamente accesible, habilitaranse puntos wifi en lugares estratéxicos do concello así como códigos QR en elementos patrimoniais e comercios para que os visitantes poidan obter toda a información que precisen dun xeito rápido e sinxelo. A iniciativa suporá un investimento de 51.648 euros, dos que 34.843 chegarán a través dunha axuda do Plan Leader para a diversificación económica e a mellora da calidade de vida.

Compromiso co melindre

Asetem-Cca quixo poñer o seu gran de area na promoción do melindre patrocinando o VI Concurso de Debuxo Infantil “Melindresricos”, que foi convocado polo concello como parte da programación previa á XXII Festa do Melindre. A patronal entregará vales de 60 euros aos cativos ganadores en cada unha das catro categorías a concurso, uns vales que se poderán canxear en calquera dos establecementos asociados a Asetem-Cca. Sonia Valiño, presidenta da entidade, fará entrega dos premios o propio día da festa, 12 de maio, ás 17:00 na Praza do Convento.

SEGUROS BILBAO

Grupo **CATALANA OCCIDENTE**

Rodrigo Fernández Pombo
Agente de seguros exclusivo
Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra
Nº 113 Bajo - 15800 Melide
Tlf/ Fax: 981506495
Móvil: 678055942
rodrigofernandez@segurosbilbao.com



Asetem acollerá en xuño un taller para aprender a xestionar o estrés

Non cabe dúbida de que os estados de nerviosismo e tensión, ademais de afectar ao benestar persoal, complican o día a día no traballo. Saber controlar a angustia e ser capaces de conservar unha actitude positiva constitúen pezas clave para crear un clima laboral que repercuta favorablemente na nosa saúde e na produtividade.

Con tal obxectivo, a Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), en colaboración con Asetem-Cca, organiza en Melide un taller denominado "Xestión do estrés e do positivismo". Está dirixido a traballadores en activo, e realízase o 14 de xuño nunha única xornada, en horario de 6 da tarde a 10 da noite. As prazas son limitadas e os participantes serán admitidos por orde de inscrición. As persoas interesadas en participar no obradoiro deberán anotarse acudindo ás oficinas de Asetem ou ben chamando ao nú-



O 69% dos traballadores españois cre que o estrés laboral aumentará nos próximos cinco anos. (Enquisa de Ipsos MORI, 2013)

mero de teléfono 981 506 188. O prazo de inscrición xa está aberto e remata o 31 de maio.

O taller será impartido na sede da patronal melidense por Marta Méndez, técnica superior en prevención de riscos laborais nas especialidades de seguridade do traballo, hixiene industrial e psicocioloxía. Cun enfoque práctico, esta experta facilitará as

ferramentas necesarias para xestionar adecuadamente o estrés nos centros de traballo. Todas as pautas expostas serán tamén de aplicación útil fóra do ámbito laboral. O obradoiro rematará cun debate e intercambio de opinións entre todas as persoas asistentes. (Máis información sobre o programa e os contidos do taller en www.asetem.com).

Agromayor repite á fronte do comercio asociado coruñés

Miguel Agromayor renovou o seu cargo de presidente da Federación Provincial de Comercio da Coruña tralas eleccións que a entidade celebrou o pasado 18 de abril. Agromayor, candidato único, recibiu o apoio dunha ampla maioría de socios e anunciou tras ser reelixido que este será o seu último mandato. Segundo indicou, centrará os seus esforzos en fomentar unha maior participación na federación e en loitar contra o abandono no que, ao seu xuízo, as institucións deixaron aos pequenos negocios. Tras revalidar o cargo, Miguel Agromayor nomeou unha nova xunta directiva na que figura Sonia Valiño, presidenta de Asetem-Cca. Valiño, que nos últimos anos desempeñou o labor de secretaria da Federación Provincial, pasará a ser vocal.

A Carbonería de Melide gana o I Coffee Tour Melindresricos

O combinado da Carbonería Lounge Bar, feito a base de café ao sirope de tofe con emulsión de leite e cuberta de rico en po conseguiu a mellor puntuación do "I Coffee Tour Melindresricos" que se celebrou na vila de Melide a fin de semana do 4 e 5 de maio como actividade previa á celebración da Festa do Melindre. O ganador, Enrique Quinteiro, recibirá como premio o seu peso en quilogramos de café. Por detrás do vencedor, a moi pouca distancia, quedaron os combinados do Hotel Carlos 96 e do Novo Continente. O Coffee Tour Melindresricos consistiu nunha ruta por 10 establecementos da vila na que o público participante puido gozar por 1,50 euros dunha experiencia de maridaxe entre a repostería artesá melidense e cafés moi especiais.



Un producto para cada necesidad

HOSTELERÍA E INSTITUCIONES

Desengrasantes. Ambientadores. Detergentes para vajillas, suelos, paredes, cristales, tapicerías

MANTENIMIENTO INDUSTRIAL

Aceites de corte, taladrinas. Antiproyecciones para soldadura. Decapantes. Imprimaciones. Protecciones antioxidantes. Desblocantes.

AUTOMOCIÓN

Anticongelantes. Champús y ceras de lavado. Desengrasantes de motores. Disolventes para brea y alquitrán.

CONSTRUCCIÓN

Desenfofrantes. Plastificantes. Acelerantes. Impermeabilizantes de caucho, silicona

AGROPECUARIA

Detergentes para circuitos de ordeño o tanques. Raticidas, insecticidas (especial cucarachas)

INFORMACIÓN Y PEDIDOS

TEL: 981.50.57.50

www.proquintas.com

COMPLEMENTOS DIVERSOS

Exterminadores de insectos. Dispensadores de ambientadores e insecticidas. Dosificadores de jabón. Secadores de manos. Mopas, bayetas...

PISCINAS

Algicidas. Floculantes. Correctores de PH. Limpiadores de cerco. Cloro. Desincrustantes.

CELULOSAS

Manteles, servilletas, toallas, bobinas industriales y domésticas



MUEBLES DE SEGUNDA MANO



Compra y venta de muebles de segunda mano y antigüedades

Abrimos todos los domingos

Calle Progreso, 15 - MELIDE

607 847 374 / 653 979 664



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

RESUMO DAS MEDIDAS FISCAIS E LABORAIS DE APOIO AO EMPREENDEDOR E DE ESTÍMULO DO CRECEMENTO E DA CREACIÓN DE EMPREGO APROBADAS POLO GOBERNO CENTRAL (REAL DECRETO LEI 4/2013) - PARTE II

ESTÍMULOS Á CONTRATACIÓN

INCENTIVO Á CONTRATACIÓN A TEMPO PARCIAL CON VINCULACIÓN FORMATIVA.

As empresas ou autónomos que contraten a tempo parcial (máximo 50% de xornada), por tempo indefinido ou duración determinada, con vinculación formativa, a desempregados menores de 30 anos, terán dereito durante 12 meses a unha redución da cota empresarial á seguridade social por continxencias comúns do 100% (75% en empresas con plantilla igual ou superior a 250 traballadores). Este incentivo pode prorrogarse 12 meses máis, sempre que o traballador continúe compatibilizando emprego e formación ou a tivera cursado nos 6 meses previos á finalización do período anterior.

Os traballadores deben cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Experiencia laboral máxima 3 meses.
- b) Proceder de outro sector de actividade (pendente de desenvolvemento regulamentario).
- c) Desempregados, inscritos na Oficina de Emprego ininterrompidamente 12 meses nos 18 meses anteriores á contratación.

Os traballadores deberán compatibilizar emprego e formación ou xustificar que a cursaron nos 6 meses anteriores á contratación. A formación poderá ser Oficial ou promovida polo SEPE; ou ben, formación en idiomas ou tecnoloxías da información e da comunicación de duración mínima 90 horas en cómputo anual.

Para acollerse a esta medida, a empresa non puido ter adoptado medidas extintivas improcedentes nos 6 meses anteriores á contratación. Deberá manter o nivel de emprego acadado co contrato polo menos durante o tempo que dure este contrato, cun máximo de 12 meses dende a súa celebración.

CONTRATACIÓN INDEFINIDA DUN XOVEN POR MICROEMPRESAS E AUTÓNOMOS.

As empresas e autónomos que contraten por tempo indefinido, a tempo completo ou parcial, a un menor de 30 anos, terán dereito a unha redución do 100% da cota empresarial por continxencias comúns durante o 1º ano de contrato.

Requisitos que debe reunir o empresario:

- a) Plantilla igual ou inferior a 9 traballadores.
- b) Non ter vínculo laboral anterior co traballador.
- c) Non ter adoptado decisións extintivas improcedentes nos 6 meses anteriores á contratación.
- d) Non ter celebrado con anterioridade outro contrato ao abeiro desta medida. É dicir, con carácter xeral, os beneficios deste contrato só se aplicarán a un contrato, salvo extinción por causa non imputable ao empresario ou resolución no período de proba.

Para aplicar estas medidas, a empresa deberá manter ao traballador contratado polo menos 18 meses dende o inicio da relación laboral, salvo extinción por causa non imputable ao empresario ou resolución no período de proba. Do mesmo xeito, deberá manter o nivel de emprego acadado durante un ano como mínimo dende a celebración do contrato.

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN EN NOVOS PROXECTOS DE EMPRENDE- MENTO XOVEN.

Os traballadores por conta propia menores de 30 anos, sen asalariados, que contraten por primeira vez, por tempo indefinido, a tempo completo ou parcial, a desempregados de idade igual ou superior a 45 anos, inscritos ininterrompidamente 12 meses nos 18 meses anteriores á contratación ou beneficiarios do programa de recualificación profesional, terán dereito a unha redución do 100% da cota empresarial á Seguridade Social, durante os 12 meses seguintes á contratación.

Para a aplicación dos beneficios deberase manter no emprego ao traballador durante 18 meses, salvo extinción por causa non imputa-

ble ao empresario ou resolución no período de proba. Nestes supostos poderase celebrar un novo contrato, aínda que o período total de redución non pode superar os 12 meses.

PRIMEIRO EMPREGO XOVEN.

As empresas poderán celebrar contratos temporais, a tempo parcial (mínimo 75% de xornada) ou completo, con desempregados menores de 30 anos que non teñan experiencia laboral ou que esta sexa inferior a 3 meses.

A duración mínima do contrato será de 3 meses, máximo 6 meses; salvo que o convenio colectivo estableza duración superior. En ningún caso poderá exceder os 12 meses. Para acollerse a esta medida, a empresa non puido ter adoptado medidas extintivas improcedentes nos 6 meses anteriores á contratación.

As empresas ou autónomos que, transcorrido o prazo de 3 meses dende a contratación, os transformen en indefinidos terán dereito a unha bonificación nas cotas empresariais á Seguridade Social de 500 €/ano durante 3 anos, sempre que a xornada pactada sexa igual ou superior ó 50% (700 €/ano mulleres). Para aplicar estes incentivos a empresa deberá manter polo menos 12 meses o nivel de emprego acadado coa transformación.

INCENTIVOS ÓS CONTRATOS EN PRÁCTICAS PARA O PRIMEIRO EMPREGO.

Poderán celebrarse contratos en prácticas con menores de 30 anos aínda que transcorreran 5 ou máis anos dende o remate dos correspondentes estudos. As empresas ou autónomos que contraten en prácticas a un menor de 30 anos terán dereito a unha redución do 50% da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns durante toda a vixencia do contrato (75% no caso de contratar a un traballador que estivera realizando prácticas non laborais na empresa no momento da concertación do contrato en prácticas).

INCENTIVO Á INCORPORACIÓN DE XÓVENES A ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL.

Bonificacións aplicables ás entidades de economía social:

- a) Bonificación nas cotas empresariais á Seguridade Social de 800 €/ano durante 3 anos, aplicable a cooperativas (que optasen polo Réxime de Seguridade Social por conta allea) ou sociedades laborais que incorporen a traballadores desempregados, menores de 30 anos, como socios traballadores ou de traballo.
- b) Bonificacións nas cotas da Seguridade Social de 1650 €/ano durante máximo 3 anos, aplicables ás empresas de inserción nos supostos de contratos de traballo subscritos con menores de 30 anos en situación de exclusión social.

RDL 5/2013 PARA FAVORECER A CONTINUIDADE LABORAL DOS TRABALLADORES DE MAIOR IDADE E PROMOVER O ENVELLECIMENTO ACTIVO: com- patibilidade entre a pensión de xubilación e o traballo.

O goce da pensión de xubilación contributiva será compatible coa realización de calquera traballo por conta propia ou allea, a tempo completo o u parcial, cando:

- a) O acceso á pensión de xubilación tivera lugar cumprida a idade que en cada caso resulte de aplicación, sen que sexan admisibles xubilacións anticipadas.
- b) Ó beneficiario lle corresponda cobrar o 100% da base reguladora da pensión de xubilación.

A contía da pensión de xubilación, neste caso, será do 50% do importe resultante no recoñecemento inicial ou do que se estea percibindo no inicio da compatibilidade co traballo, excluído complementos por mínimos. O beneficiario terá a condición de pensionista a tódolos efectos e unha vez rematada o traballo que deu lugar á compatibilidade, restablecerase o percibo íntegro da pensión de xubilación.




Síguenos en

**Cantón de San Roque, 11
MELIDE**



Psicotécnico Santa Ana

Cantón de San Roque, 9 - 1º D
Tfno y fax: 981 50 50 75
Melide (A Coruña)





Al hacer el psicotécnico le
tramitamos la renovación de su
carnet ante la Jefatura de tráfico

GRATIS

**Certificados
Psicotécnicos:**

- Conducir (toda España)
- Armas
- Guardia forestal
- Seguridad privada
- Perros peligrosos
- Buceo y otros
- Chequeos médicos
- Certificados médicos
- Medicina en general

EMPRENDEDORES EN MELIDE

ÁLEX SEOANE RODRÍGUEZ, “O SAPO LAMBÓN”

“Facemos unha ruta polas comidas do mundo con pratos típicos de 10 países”

-En que consiste a viaxe gastronómica polos cinco continentes que propón o Sapo Lambón?

-Trátase dunha aposta innovadora e diferente do que se vén facendo en Melide. Decidimos engadir á nosa carta unha ruta polas comidas do mundo e incorporamos 10 pratos típicos doutros tantos países. Cada semana ofrecemos un menú diferente. De momento xa visitamos a China, India, México, Italia e os EEU. Probablemente pasemos en breve por Marrocos e Romanía, porque temos clientes deses países e eles mesmos nos din que incorporem as súas comidas.

-Cando se poden degustar as comidas do mundo?

-De momento as fins de semana. Tamén as facemos por

encarga, ao igual que o resto de pratos da nosa carta. Abonda con chamarnos por teléfono e temos preparadas as racións que sexan para a hora que nos digan. Tamén facemos cumpreanos e festas pequenas de ata 15 ou 20 persoas. Neste caso os clientes tanto poden encargar comidas do mundo como outras diferentes; as que desexen.

-A xente ten o padal afeito a este tipo de menús?

-A mocidade está moi disposta a probar de todo; non pon reparos. O resto de clientes, canta máis idade teñen, máis reticencias amosan. Incluso bromean e nos din que sería mellor que fixésemos callos, lacón ou polbo. Pero nós queríamos cambiar. Aquí o 80% dos locais, exceptuando os

restaurantes, ofrecen o típico sandwich, a típica hamburguesa, o prato combinado... Xa cando o Sapo Lambón se trasladou para a rúa Taboada Roca fixemos unha carta innovadora. Tiñamos un cociñeiro venezolano que incorporou as arepas e ideou diferentes pratos. Gústanos innovar.

-Supoño que as comidas do mundo esixen ter certa pericia entre fogóns...

- A cociña levámola entre a miña muller Sonia máis eu. Ela ten un don para iso e non lle resulta complicado facer os pratos. A cociña é algo que lle gusta e ademais estudou na escola de hostalería, así que non ten problema. A min custoume un pouco máis... comencei de axudante cando había apuro no San Roque. Co paso



Álex Seoane coa mascota do bar que rexenta, o Sapo Lambón

do tempo cociñar xa se converteu nunha rutina para min.

-Que menús servides durante a semana?

- A carta é bastante completa: temos unha ampla gama de ensaladas, oito tipos diferentes de hamburguesas feitas con carne de tenreira galega

ecolóxica, sandwiches, táboas de embutidos, racións, patacas con máis de vinte salsas... O que máis éxito ten son os enrolados, que consisten en carne de polo dentro de pan de pita acompañado con patacas chips. Levan unha salsa propia que só se serve no Sapo Lambón. É o segredo da casa.



Taboada Roca, 3 MELIDE

AMPLA CARTA DE COMIDA

- **50 especialidades diferentes.**
- **EXPERTOS EN: ROLOS DE POLO, ROLOS DE TENREIRA ECOLÓXICA e AREPAS.**
- **VIAXE POLOS 5 CONTINENTES: GASTRONOMÍA DE CHINA, MÉXICO, USA, ITALIA... nas fins de semana.**

UN SITIO DIFERENTE

- **O Sapo Lambón é un MUSEO-BAR, NO QUE PODERÁS CEAR, FALAR, BAILAR e DIVERTIRTE RODEADO DE CENTOS DE PEZAS DE COLECCIONISTA.**
- **CELEBRA CON NÓS O TEU CUMPREANOS OU A FESTA DE DESPEDIDA.**

O MELLOR OCIO

- **TERRAZA INTERIOR e EXTERIOR.**
- **ZONA DE XOGOS: BILLAR, DIANA, PÓKER, FUTBOLÍN e máis...**
- **FINS DE SEMANA: HORA DE COPAS, COCKTAILS e CHUPITOS COA MELLOR MÚSICA BAILADA NOS 70, 80 e 90's.**




Camino de Santiago



Imprescindibles del peregrino en Melide



Melide, where you will find everything you need



**HOSPEDAJE - BAR
RESTAURANTE**

Novo Contingente

Telf: 981 50 61 82 C/ Luis Seoane, 8
699 61 37 59 15800 MELIDE (A Coruña)



CASA DE LOS SOMOZA

Tfno - Fax: 981 50 73 72 . Móvil: 687 59 20 90
Coto - Leboreiro - MELIDE (A Coruña)



CAFETERÍA Y CHURRERÍA

DESAYUNOS, CHURROS BOCADILLOS

Desde las 6 a.m.

**Cátedra, 1
MELIDE**



Pulperia A Gornacheira

Mov: 605 883 268
Camiño Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: gornachamelide@gmail.com



- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE
www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es

Esixen luz e taquígrafos sobre o futuro da escola infantil da Martagona

O PSOE de Melide esixiralle á alcaldesa que aclare no próximo pleno ordinario se a escola infantil municipal corre risco de peche trala sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Amancio Ortega para abrir unha nova gardería na vila.

Os socialistas acusan ao PP de manter unha postura “difícilmente explicable” ao apoiar a construción do novo centro, que dependerá da Xunta, “ao tempo que pretende reducir o servizo na escola existente”, aseguran. Dubidan que haxa demanda dabondo para ter dúas garderías “cun nivel de ocupación axeitado” e preguntábase se o goberno local agocha a intención de pechar a escola municipal unha vez que entre en funcionamento a nova: “ese risco existe, é posible”, sinala José Antonio Prado, secretario dos socialistas melidenses, “e a alcaldesa terao que explicar no pleno de maio”.

Pola súa banda a rexedora, Ánxeles Vázquez, amosouse “convencida” en declaracións a Radio Obradoiro de que van estar en funcionamento as dúas garderías. Non obstante, deixou aberta a porta a calquera posibilidade ao sinalar que dende a sinatura do convenio ata a posta en marcha das instalacións “se farán todas as valoracións habidas e por haber”.

Cos dous centros en funcionamento, Melide tería 143 prazas para cativos entre 0 e 3 anos. Vázquez asegura que a construción da nova gardería se fundamenta en estudos de poboación feitos pola Consellería de Benestar e que o importante “é que se vai investir 1 millón de euros e que os servizos mellorarán”. No plano político pídelles seriedade ao PSOE ante as dúbidas formuladas: “mentres o bipartito gobernou querían outra escola infantil e agora que a consegue o PP din que non é necesaria”.



Imaxe da nova gardería que construírá a Fundación Amancio Ortega na rúa María Barbeito. Terá un investimento de 1 millón de euros, 524 metros cadrados de superficie construída e 61 prazas

Redución de horario

A polémica pola xestión da gardería municipal vén marcando o decurso da política local dende que o equipo de goberno propuxo introducir un cambio no regulamento interno do centro que permitiría pechar a escola dúas horas antes (ás 18:30 no canto das 20:30) se non hai unha demanda mínima de 15 alumnos para a xornada de tarde. O novo horario comezaría a aplicarse o vindeiro curso.

Segundo o PP, as modificacións susténtanse no reducido número de usuarios que ten a

gardería polas tardes e nunha orde emitida pola Consellería de Benestar para regular a adxudicación de prazas do próximo curso. A oposición recorda que dita orde só atinxe ás garderías titularidade da Xunta e cualifica o argumento do goberno de “pretexto para dismantelar un servizo público”. Así o definiu o BNG, que xa presentou unha reclamación no rexistro do concello. Pola súa banda, o PSOE iniciou unha campaña de recollida de firmas contra os cambios incluídos no regulamento, que se tratarán en pleno.

Preocupación pola vaga de roubos na vila

Bares, comercios, coches, supermercados... calquera obxectivo semella ser válido para os ladróns, que están a facer de Melide o seu principal centro de operacións. O remate do mes de abril e o comezo de maio rexistrou varios roubos en diferentes establecementos, todos eles consumados a altas horas da madrugada.

Os veciños amosan a súa preocupación polos feitos e os partidos da oposición esixen unha rápida resposta das autoridades locais e da Subdelegación do Goberno. O Secretario xeral dos socialistas de Melide, José Antonio Prado, fala dun “clima de inseguridade cidadá” e insta á alcaldesa a que convoque de forma urxente a Xunta Local de Seguridade. Dende o goberno aseguran ser conscientes da situación e explican que hai prevista unha reunión para finais deste mes de maio na que se abordará o tema.

Pizzería - Cafetería O Zampón



Servicio a Domicilio - Telf.: 981 507 585
Rda. de Pontevedra, 111 - MELIDE (A Coruña)

CasaQuinzan RESTAURANTE

**Comedores privados.
Reservas para grupos.
Comidas y cenas para empresas.
Menú del día (lunes a viernes).**



**Tfno.: 981 505 325 - Rúa do Convento, 7
15800 MELIDE (A Coruña)
restaurantecasaquinzan@gmail.com**

Os veciños de Priorada, anoxados pola presenza de ovellas no parque

A falta de mellores lugares onde pacer, as ovellas fan uso dende antigo dos espazos públicos de Melide. Así o denuncian os veciños da rúa Doutor Francisco López García, que acusan ao propietario dun rabaño de deixar pastar libremente os animais no parque situado a carón da piscina municipal.

Os habitantes desta zona de Priorada din estar fartos dunha práctica que se repite con regularidade dende hai case dez anos e que con frecuencia deixa a área inutilizable. Aseguran que son moitas as ocasións nas que non poden facer uso da pista de deportes, da área infantil ou da zona axardinada por estar cheas de excrementos ou mesmo ocupadas polas propias ovellas.

Ante esta situación, un dos veciños presentou o pasado mes de abril unha queixa no rexistro do Concello instando á alcaldesa a que tome cartas no asunto e lle esixa ao propie-



As ovellas pasan con frecuencia no parque e mesmo invaden a estrada

tario das ovellas que deixe libre a zona para poder utilizar as instalacións de acordo co fin para o que foron creadas. Non é a primeira vez que manifesta formalmente o seu malestar: en decembro de 2003 presentou o primeiro escrito no rexistro municipal e en febreiro de 2007 unha segunda queixa. Tamén requiriu en numerosas ocasións a presenza da Policía Local, que

segundo mantén un dos afectados “acudiu ata o lugar e elaborou varios informes sobre ditos acontecementos”.

Con anterioridade, un bloque de vivendas da mesma rúa xa tivera problemas cos verquidos de purín procedentes dunha granxa de porcos, que desembocaban na arqueta do edificio provocando atascos, malos olores e a presenza de moscas en tempo de verán.

Multas de ata 3.000 euros para frear aos madeireiros



Pista e cunetas destruídas na aldea do Curutelo

Os cuantiosos danos causados nas infraestruturas municipais pola corta e transporte de árbores levaron ao goberno local a redactar unha ordenanza que regule todo o proceso e poña freo aos excesos dos madeireiros. O documento, listo para ser sometido á aprobación inicial, recolle multas de ata 3.000 euros no caso de que se cometan infraccións moi graves como causar danos se-

veros nas pistas ou deixalas sen limpar. A ordenanza obrigará a solicitar un permiso no concello antes de comezar os traballos e establece a necesidade de depositar unha fianza de entre 1.500 e 3.000 euros. Será reintegrada previo informe favorable dos técnicos municipais. Esta nova norma non afectará ás operacións destinadas ao abastecemento doméstico.



Rúa Alexandre
Bóveda, 10

981 505 908
600 666 427

MELIDE

O concello cambiará a iluminación de nove rúas para aforrar un 60%

O Concello de Melide prevé destinar este ano 60.000 euros para substituír as lámpadas de 9 rúas do casco urbano por outras de menor consumo que permitan aforrar na factura da luz. Con ese obxectivo, o goberno local volverá solicitar as axudas que o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) concede para optimizar a iluminación pública exterior.

Xa o ano pasado, a través desta liña de subvencións, se investiron en Melide 53.240 euros para cambiar as bombillas das rúas Habana, Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Alfonso Castelao, Fernández Flórez, Joaquín Gundín e Cuba. A intención agora é ampliar actuación a outras nove vías: Martagona, Santiso, Boimorto, Andrés Sampaio Sixto, Alcalde Inocencio Fuciños, Alcalde Sabino Fuciños Buján, Marqués Mariano, Bos Aires e Avenida de Compostela. Estímase que estes cambios permitirán acadar un aforro do 60% na factura das lámpadas que sexan reempazadas.



Docampo visitou varias rúas acompañada por Vázquez e Cabado

O proxecto co que Melide concorrerá á convocatoria de axudas, que poden cubrir ata o 70% do custo dos traballos de substitución de lámpadas, xa lle foi trasladado á Delegada da Xunta na provincia, Belén Docampo, aproveitando a súa visita á vila a finais do mes de abril. Docampo, acompañada pola alcaldesa e a concelleira de obras, supervisou os traballos realizados o ano pasado e destacou o aforro enerxético e as vantaxes ambientais que

comportan os proxectos de eficiencia enerxética.

O programa desenvolvido polo Inega contempla unha partida de 3,6 millóns de euros para impulsar o cambio de luminarias nun centenar de municipios. Segundo indicou a delegada, coa execución deste proxecto a nivel autonómico pódese obter un aforro enerxético de máis de 3,5 millóns de KWH/ano, o que supón o consumo anual de electricidade de 1.000 familias.

Aspiran a montar nas Coles unha oficina de turismo



As casas foron restauradas o verán pasado para evitar a súa derruba

O concello de Melide quere converter as casas da Praza das Coles nunha oficina municipal de turismo. Ese é o principal proxecto que baralla o executivo local para uns inmobles sobre os que terá capacidade de decisión en breve. Será unha vez que se asine formalmente o convenio a través do cal a Xunta lle cederá ao Concello o uso das vivendas. De momento existe tan só o compromiso verbal da Dirección Xeral de Turismo e do

Xacobeo. O edil de turismo, Santos López, sinala que a intención do concello é “ganar en patrimonio e ter maior capacidade de decisión en materia turística”. Nese sentido, considera que poñer un marcha unha oficina de promoción propia é a mellor opción para as casas das Coles, tendo en conta ademais “que a praza é un punto de paso obrigado para os peregrinos”. López engade que os edificios poderían albergar tamén un museo.

NOTICIAS BREVES

Á piscina en setembro

Case un ano despois de ser pechada por presentar deficiencias no seu funcionamento e nas instalacións, a piscina climatizada xa ten data de reapertura. Será setembro, previsiblemente, o mes no que os usuarios poidan volver a utilizar o servizo. O Concello acaba de adxudicar os traballos de acondicionamento á empresa local Leonardo Miguélez S.L. As obras, financiadas con 155.000 euros pola Deputación da Coruña a través do Plan DTC-94, teñen un prazo de execución de tres meses e comezarán de xeito inmediato. A xestión do servizo correrá a cargo dunha empresa privada.

De novo ante o valedor

O BNG acudiu por terceira vez no que vai de ano ao Valedor do Pobo para solicitarlle que medie ante a “grave actitude de totalitarismo e escurantismo da alcaldesa do PP con respecto á situación municipal”. Tras denunciar que a rexedora non emite os informes que “legalmente” lle pide a oposición e que atrasa a consulta de expedientes, os nacionalistas quíxanse agora de que levan agardando 4 meses para poder acceder ás actas da Comisión de Goberno cando a lei establece un prazo de 10 días. Para o BNG detrás deste proceder agóchase a intención de “ocultar irregularidades”.

Campamentos de verán

A Deputación da Coruña xa ten aberto o prazo de inscrición para os campamentos deportivos 2013 que terán lugar no centro Calvo Sotelo da Coruña. A quenda que lle corresponde a Melide é a comprendida entre os días 7 e 13 de xullo. Todos os rapaces e rapazas do concello nados entre os anos 1999 e 2003 que desexen participar deberán descargar a ficha de inscrición da web da Deputación e entregala cuberta no departamento de cultura do concello antes do 16 de maio. A cota de inscrición é de 85 euros. Inclúe o transporte, a estadia, a manutención e o gasto das actividades programadas.

Fincas libres de maleza

O concello de Melide vén de publicar un bando municipal no que insta aos propietarios de terreos e parcelas tanto rústicas como urbanas a mantelas libres de residuos e maleza. Ao longo de toda a xeografía do municipio foron detectados numerosos solares nos que non se realizan limpeza periódicas e que por tanto elevan o risco de incendio ademais de supoñer un risco para a saúde das persoas. A administración local recorda que a lei obriga a manter as fincas “en condicións de seguridade, salubridade e ornato público realizando os traballos precisos para conservalos nestas condicións”.

FOTO-DENUNCIA

Paredes con pedigree



As paredes e os papeis padecen do mesmo mal; teñen que termar do que lles poñen. Se tivesen capacidade de decisión, elas e eles, que son vítimas frecuentes da aberración estética, non tardarían en facer unha revolución. Pero como son mudas, teñen que apandar co criterio de quen aínda non sabe que hai paredes... e paredes. Está moi ben iso de sinalizar para saber por

onde andamos, si, pero non todo vale. E unha mostra do que no vale atopámolo aos pés da N-547 en sentido Lugo, onde Melide remata. Hai á man esquerda unha pequena capela/santuario que loce entre os seus atributos unha placa co nome da Rúa Santiso. É difícil encaixala nalgún estilo arquitectónico; quizais porque o artista que a colocou estaba falto de sensibilidade.

1ª FEIRA GASTRONÓMICA

17

MAIO 2013

Melide

Pulpo no Camiño

CONCELLO DE MELIDE

Cantón de San Roque

Mostra do PRATO máis grande do mundo 3,70m.Ø

1º Certame de CHARANGAS:

Tralla, Melide.

Os Amigos, Visantóna

Chiringhota, Agolada

Ardores, Muimenta

BB+, Santiago

ración 6.50 euros

Exhibición cabalar

Carreira de burros

Escola de ponis



COUSAS NOVAS
Un grupo de tiendas a su servicio

Tfnos.: 666 501 339 - 670 712 071 - cousasnovas@hotmail.com

Tfno./Fax: 981 507 474 - Convento, 30 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno.: 670 712 071 - Rosaleda, 7 - 15800 MELIDE (A Coruña)


Tfno.: 982 378 002 - Avda. de Lugo, 27 - 27560 MONTERROSO (Lugo)

Almacén: Tfno.: 981 507 029

Novoa Santos, 25 - 15800 MELIDE (A Coruña)



XXII Festa do Melindre e da Repostaria da Terra de Melide



Domingo, 12 de maio de 2013



A distinción da Festa do Melindre relanzará os tres doces tradicionais

O próximo domingo 12 de maio Melide acollerá unha nova edición da Festa do Melindre, que por primeira vez nos seus 22 anos de historia se celebrará baixo a denominación de “Festa de Interese Turístico Galego”.

Este recoñecemento, outorgado pola Xunta e longamente perseguido polo concello e a asociación local de reposteiros, supón todo un revulsivo para os melindres, ricos e amendoados, aos que a partir de agora se lles abrirán as portas dos circuitos nacionais e internacionais de promoción e das principais feiras gastronómicas. Ao acadar a distinción de interese turístico galego, o melindre entra nun selecto club do que forman parte outras 79 festas de Galicia coas que compartirá categoría. Entre elas figuran celebracións de renome como o Entroido de Laza, a Festa dos Pementos de Herbón, a do Viño de Amandi ou a do Queixo de Arzúa.

O concelleiro de Turismo, Santos López, quen acolleu

“con satisfacción” o recoñecemento, asegura que “as esixencias van ser maiores agora” pero sinala que se trata dun “novo reto” que o concello está contento de ter entre mans.

Intensa promoción

A noticia do outorgamento da distinción era revelada o 3 de maio pola delegada provincial da Xunta, Belén Docampo, xusto o día no que o Concello presentaba a festa na Praza de Lugo, na Coruña. Unha nutrida comitiva integrada pola alcaldesa, varios concelleiros e os reposteiros de Casa Estilo e Pastelería Trisquel viaxaron ata a cidade herculina para dar a coñecer a festa e os doces tradicionais de Melide. Alí, acompañados por un autobús de Puntero dos anos 60, repartiron máis de 80 quilos de melindres, ricos e amendoados entre os viandantes.

A visita á Coruña foi só unha das numerosas iniciativas postas en marcha este ano para promocionar a festa. Entre as máis destacadas

figura o denominado “Melindresricos & Coffeetour”, unha ruta de café combinado con doces tradicionais que se realizou polos bares e restaurantes da vila na fin de semana do 4 e o 5 de maio. Previamente os hostaleiros puideron asistir a unha master class impartida por Óscar de Toro, o barista máis premiado de Galicia, para afondar na cultura do café e aprender a xogar cos aromas e as mesturas, facendo combinados.

Tamén dentro da campaña de promoción do melindre, Manuel Garea, reposteiro de Pastelería Triskel, presentou tres innovadoras variedades deste produto tradicional elaboradas con licor café con un toque de canela e chocolate branco; con crema de “orujo” e tofe; e con froitas do bosque e infusión de fresas con nata.

O máis destacado

A XXII edición da Festa do Melindre comezará ás 11:00 horas. Ao mediodía procederase á lectura do pregón a



Presentación da Festa do Melindre na Praza de Lugo (A Coruña)

8 EMBAIXADORES CON NOME E APELIDO

- **Alfonso Cabaleiro**, Director de Galicia Calidade.
- **Beatriz Mato**, Conselleira de Traballo e Benestar Social.
- **Belén Docampo**, Delegada Territorial da Xunta na Coruña.
- **Berta Castro**, xornalista do programa “Come e fala” da RG.
- **Gorka Rodríguez**, chef do restaurante “A pulpeira de PMelide” (A Coruña) e cociñeiro de fama internacional.
- **María Mera**, actriz da serie “Matalobos” da TVG.
- **Orquestra Sinfónica de Melide**.
- **Óscar García**, deportista. Afronta o reto de percorrer os P1.200 km de costa galega sobre unha táboa de surf.

cargo de María Mera, actriz da serie Matalobos, e de seguido entregaranse os títulos de recoñecemento aos 8 embaixadores do melindre nun acto

presentado por Raquel Atanes, de V Televisión. A partir das 19:30, a Praza das Coles acollerá os concertos de Os Melidaos e Os Tromentelos.

SANTOS LÓPEZ, CONCELLEIRO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO

“Melide ten a vantaxe de contar con produtos gastronómicos de primeira”

-Por fin se conseguiu a distinción para o melindre. Que cre que foi o que decantou a balanza?

- Penso que se deron pasos onde había que dalos e que se traballou moi ben a nivel de promoción, de medios e de despachos. De nada serve que teñas un produto moi bo se non es capaz de transmitir iso. Ata agora non o conseguimos e por iso o ano pasado rexeitaron a proposta. Non só houbo que demostrar que o doce era de calidade, senón tamén que había detrás unha festa ben montada e con moita repercusión.

-As esixencias a partir de agora van ser maiores?

-Si, pero iso motívanos porque sabemos que estamos xogando noutro nivel, nunha división diferente. Por iso apostamos por traer uns embaixadores,

unha pegoira e unhas actuacións de nivel nesta edición. O ano pasado xa conseguimos que viñesen doces de Palencia e este conseguimos que veñan doces de conventos de toda España, que é unha repostería de calidade. A Festa do Melindre comporta moitas cousas. Hai que ter un produto diferenciado pero eu teño claro que o asunto é que veña moita xente a Melide.

-A asociación de reposteiros non está de acordo co enfoque da festa.

-Eu débome á xente e ao público que vén á vila. O ano pasado veu máis ca nunca, vendeuse todo e faláron ben de Melide en Mondoñedo, en Palencia, en Monterroso... non se trata de invadir isto de doces pero creo que non é acertado centrarnos só no noso; hai que traer algún re-

clamo a maiores do que temos porque iso motiva á xente a ver cousas novas. O ano pasado conseguimos dobrar o número de stands que vendían melindres; avanzamos en todas as fronteiras.

-Semella que a aposta turística do seu departamento vai moi ligada á gastronomía.

-Aquí temos a vantaxe de que a nivel gastronómico contamos con produtos de primeira; dende os doces ata o pulpo ou a tenreira. Apostaremos por feiras gastronómicas que sexan capaces de atraer á xente, cada unha coa súa identidade, sen que entren en conflito. Agora ímonos centrar no pulpo, con esa xornada de exaltación o día 17 de maio. É o gran atractivo dos peregrinos e da xente que vén pasar aquí os domingos; haino que



Santos López no seu despacho atendendo unha chamada

potenciar máis.

-En que outros proxectos está traballando?

- Imos facer unha promoción baixo o lema “Os domingos de Melide”. Iremos por diferentes vilas cun bus antigo de Puntero que acaba de ser restaurado e que define moi ben a tradición das feiras e do comercio en Melide. Acondi-

cionaremos a parte de atrás con medios audiovisuais para que a xente poida acceder a ela e vexa o que está pasando na vila un domingo. É o día máis forte para o comercio de Melide, e hai 52 ao ano. Excepto en Ribadeo e Padrón, non atopas actividade comercial noutros lugares. Iso temos que saber vendelo, paréceme importantísimo.

*Cafetería
y Pastelería*

Estilo

C/ Progreso, 6
Tfno: 981 505 153 15800 MELIDE

Asociación da
repostería tradicional
da Terra de Melide



Panadería TAHONA

Especialidad en:
Empanadas-Tartas-Ricos-Melindres
“PRODUCTOS TÍPICOS DE MELIDE”

Avda. da Habana, 7 - Telf.: 981 505 127
MELIDE (A Coruña)

Confitería Trisquel

Montse Sánchez Varela - Román Varela Varela

Repostería artesanal para todo tipo de celebracións:
vodas, bautizos, comunións.

Tfnos.: 981 104 913 654 217 798
Rúa do Convento, 21 - 15800 MELIDE (A Coruña)

ALBERTO R. FONDEVILA, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN “MELIDE TERRA DOCE”

“Corremos o risco de que o visitante non entenda a Festa do Melindre”

-Que valoración fai da distinción recentemente concedida á Festa do Melindre?

-É unha noticia moi positiva. Este recoñecemento outórganos uns instrumentos de promoción que son valiosísimos: temos garantido o apoio da Xunta de Galicia para vendermos no circuíto nacional e internacional a través de Turgalicia e de moitas feiras especializadas... digamos que entramos nunha categoría na que non estabamos. Agora temos que mirarnos no espello de festas como a do queixo de Arzúa ou a do cocido de Lalín. Iso é primeira división. Se queremos competir aí temos que esforzarnos moitísimo máis e dar un salto en calidade. É preciso crear a marca “Festa do Melindre” e iso é algo que só se consegue traballando constantemente.

-Por que non están de acordo co enfoque que lle dá o Concello á festa?

-Porque están facendo unha festa do doce cando ten que ser unha festa do melindre. Dende a asociación cremos que só se deberían de expoñer os tres produtos da repostería tradicional de Melide: melindres, ricos e amendoados. Ao incorporar todo tipo de doces á larga os produtores locais acabaremos diluíndonos como un azucarillo en auga quente.

-Iso representa unha ameaza para o melindre?

-Nós vémolo así. Se quitas o foco da repostería tradicional, corres o risco de que o visitante non entenda a festa e que a acabe vendo como o escaparate dun supermercado onde colle o que máis lle apetece. Hai que focalizar a atención nos melindres, ricos

e amendoados. O concello danos a razón pero non actúa en consecuencia. É certo que somos poucos produtores na vila para encher a festa, por iso somos partidarios de incorporar a artesanía, mesmo a gastronómica, pero sendo moi selectivos e escollendo só produtos que dignifiquen os nosos.

-Cal é o principal cabalo de batalla da asociación?

-Melide Terra Doce foi fundada hai uns cinco anos por catro casas reposteiras de vila precisamente para garantir a continuidade da Festa do Melindre como tal. Houbo uns anos que se converteu nunha feira de mostras, nun totum revolutum no que se mesturou o melindre coa tenreira, co cabalo... Para garantir que tivera esencia e identidade propia, creouse a asociación. Tamén para valorizar o pro-



Alberto R. Fondevila na presentación da Festa do Melindre

duto durante todo o ano. Agora mesmo estamos inmersos na creación dunha marca propia que nos identifique e que defina uns parámetros de calidade. É a forma de preservar a esencia do produto ante un intrusismo crecente.

-A nivel de produtores e relevo xeracional, está garantida a continuidade

da repostería melidense?

- Si, nese caso si, a pesar de que o ano pasado tivemos unha baixa moi importante; Manola, de Casa Melchora, á que botamos moito de menos. As tres casas melindreiras que seguen na asociación están rexentadas por xente de entre 35 e 40 anos con iniciativa e implicación. A continuidade está garantida.

Chaman de novo á mobilización para forzar o arranxo da Ponte da Regada

Parecía que a situación estaba encarreirada e que se atopara unha saída para o problema, pero cando xa se daba por feito que a construción da nova Ponte da Regada comezaría en cuestión de semanas, todo volve ao punto de partida para desgraza dos veciños de Santiso e, en menor medida, dos de Arzúa. Catro meses despois de que o temporal a danase e un mes despois de ter o compromiso verbal de Xunta e Deputación para reconstruíla, a ponte que une os dous concellos segue igual ca o primeiro día: cortada ao tráfico e inservible.

Ante isto, a paciencia de veciños e responsables políticos comeza a esgotarse e tanto uns como outros amósanse cada vez máis partidarios de retomar a convocatoria de mobilizacións, unha opción que barallaran inicialmente e que logo decidiron deixar en punto morto confiando na boa vontade das administracións

provincial e autonómica.

Agora din sentirse “enganados” polo presidente da Deputación, Diego Calvo, ao que acusan de faltar á súa palabra tras comprometerse cos alcaldes a sufragar o 50% da obra e asinar un convenio de colabo-

“Fomos enganados, estivéronse rindo de nós, e se non nos movemos a ponte quedará sen facer”

ración coa Xunta para volver a construír a Ponte. Case un mes despois desa reunión, as únicas noticias que recibiron os afectados chegaron a través dun fax enviado o 6 de maio pola Consellería de Medio Rural aos rexedores de Santiso e Arzúa. No documento comunícase que ata a data ningún responsable da Deputación se puxo en contacto co seu departamento e engade que de

non asinarse o convenio antes de finais de maio, Medio rural retirará a partida económica que comprometeu para realizar os traballos.

“Estivéronse rindo de nós”, sinala o voceiro da plataforma de afectados, Daniel Roibás, “e como non nos movamos, a ponte quedará sen facer”. Roibás amósase partidario de plantarse con pancartas ante a sede da Deputación na Coruña “para dicirlle ao presidente que mentiu e pedirlle que cumpra a súa palabra”. Os veciños contan co apoio total do alcalde, Fernando Suárez, quen asegura que xa se agardou un tempo “máis ca prudencial” e quen cualifica de “indignante” que catro meses despois a ponte siga sen facer. “Isto é urxente, non se trata dunha broma”, declara o rexedor. “Se hai que facer unha manifestación, faise, e eu irei na cabeza”, engade, “porque non pode ser que chegue o verán e todo siga igual”.

Pesca nunha semana dúas troitas xigantes

O río Furelos agocha grandes xoias esta tempada e semella que Juan Lamas sabe ben onde atopalas. En pouco máis dunha semana este avezado troiteiro, de Sobrado dos Monxes, pescou dúas troitas con medidas récord.

A primeira delas, de 53 centímetros e 1.670 gramos de peso, foi toda unha sorpresa, pero o que aínda non sabía o afortunado pescador é que as augas do Furelos lle reservaban outra meirande. Comezou a intuilo cando es-

taba a facer probas cun cebo artesanal e sentiu na cana o trallazo propio dun salmón. Presentindo que se lle podía escapar tan prezado trofeo, avisou aos compañeiros que acababa de deixar e entre todos, con pericia, esforzo e paciencia, conseguiron sacar o animal cos seus 66 centímetros de largo e 2.800 gramos de peso. Foi necesario tamén un golpe de sorte; din as testemuñas que se a troita non se enredase na sedela, aínda estaría hoxe no río.



Vinte e seis pequenas voces para un disco de 5 estrelas



Momento da gravación do disco na igrexa de Santa María, en Melide

O traballo duro xa está feito. Agora só falta presentalo en sociedade e, de seguro, recibir unha mancha de felicitacións. Tal acontecerá, se nada o impide, o próximo 25 de agosto, día no que o Pazo de Vilar de Ferreiros acollerá a presentación do primeiro disco gravado polo coro infantil da Escola de Música Eugenio Pazos Reyes, de Visantón.

“Algunha peza quedou tan ben que xa vai así, non temos ni que montala”, explica orgullosa Malena Pazos, a persoa encargada de poñer orde e concerto ás voces dos 26 cativos de entre 3 e 16 anos que integran o coro. “Agora estamos na fase de edición e como hai poucos medios económicos non sabemos o que acabaremos facendo; pero o importante é que temos o CD”, conclúe. Se algo ten claro esta mestra de educación musical é que a escola “sempre subsistiu grazas á boa fe de moita xente” e esa é garantía dabondo para saíren tamén airosos desta nova aventura.

Precisamente con boa fe,

tesón e horas de ensaio se conseguiu facer realidade un proxecto que comezou a coller forma no ano 2010 tras unha actuación que deixou aos asistentes coa boca aberta: “normalmente a evolución dun coro é lenta pero naquel festival toda a xente quedou sorprendida”, explica Malena Pazos. Ela mesma viu que se podía dar un paso adiante pero o momento coincidiu cun ano moi complicado para a escola por motivos de financiamento e houbo que agardar.

Tres anos despois o proxecto é case unha realidade e os nenos e nenas volveron sorprender, desta vez ao equipo técnico, pola profesionalidade demostrada durante a xornada de gravación na igrexa de Santa María de Melide. O resultado son 19 pezas do máis variado: moitas da música popular galega pero tamén da portuguesa ou da africana; algunha con piano ou percusión; outras a capella, e tamén as de dúas solistas, Uxía e Bea. Non falta moito para que todos e todas as poidamos escoitar.



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)



Os alcaldes pídenlle á Xunta máis cartos para acondicionar o Camiño

A Xunta de Galicia achegará este ano 156.000 euros para manter e mellorar o estado do Camiño Francés. Esa é a cantidade que recolle o convenio asinado recentemente entre a Dirección Xeral de Turismo e os once concellos galegos polos que pasa esta ruta xacobeá: Pedrafita, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino.

O acordo establece unha achega de 1.000 euros por cada quilómetro de percorrido, de xeito que o concello de Melide recibirá unha axuda lixeiramente superior aos 11.000 euros. A alcaldesa do municipio, Ánxeles Vázquez, destacou a necesidade de comezar canto antes cos traballos de acondicionamento “co fin de que o camiño teña a imaxe que se merece” despois dun inverno “moi duro”, sinala, que deixou algúns tramos “intransitables”.

Precisamente o mal estado no que quedou o camiño tras



Os socialistas de Melide denuncian o mal estado no que se atopa o Camiño Francés no punto no que cruza o río Catasol

varios meses de intensas chuvias foi o argumento esgrimido polos once rexedores durante a sinatura do convenio para instar á Xunta a realizar máis esforzos na mellora da ruta. Os alcaldes valoraron positivamente que se mantecía a mesma cantidade do ano pasado pese ao contexto de crise pero botaron de menos un maior compromiso por parte da Xunta tendo en conta que

os danos no itinerario foron maiores este inverno e que a ruta é “unha peza clave” nas respectivas economías locais.

Así llo trasladaron á Dirección Xeral de Turismo, Nava Castro, que aproveitou a sinatura do acordo para destacar que no primeiro trimestre de 2013 o número de peregrinos que completou esta ruta medrou un 67% con respecto ao mesmo período do ano pasado.

O GDR dá luz verde a seis proxectos que investirán no territorio 835.000 euros

A xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo (GDR) seleccionou na súa última reunión os proxectos que recibirán axudas do Plan Leader, financiado pola Unión Europea. Trátase de seis iniciativas que serán subvencionadas no seu conxunto cun total de 277.730 euros e cuxa posta en marcha suporá un investimento no territorio de 835.800 euros. Ademais contribuirán a crear catro novos postos de traballo e a consolidar outros dez xa existentes.

Tres dos proxectos van enfocados á dinamización do sector agrario e forestal. Entre eles atópase a creación en Melide dunha explotación para producir e comercializar arandos. O promotor da idea, un mozo emprendedor de 28 anos que plantará 6 hectáreas de arandos nunha finca en zona de Rede Natura, prevé contratar ata 15 persoas du-

rante a época de recolección. Tamén en Melide se subvencionará o proxecto de Explotaciones Avícolas de Melide para modernizar unha nave destinada á produción de ovos de galiñas campeiras. No concello de Sobrado, Aldea de Barrio S.L. recibirá axudas para ampliar unha explotación porcina en extensivo e pasar así de 20 a 150 cabezas de gando.

Nunha liña diferente seleccionáronse outros tres proxectos de concellos da zona enfocados á mellora da calidade de vida. O concello de Melide poñerá en marcha unha plataforma web con información turística e comercial e o de Vilasantar adaptará as instalacións da escola de agricultura ecolóxica para crear unha aula TIC e unha sala de envasado de produtos. O Concello de Curtis recibirá 36.136 euros para a dotación de novas tecnoloxías en locais municipais.

Rúa PRINCIPAL, 6 - MELIDE
TEL: 696 77 41 63

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial
Móvil: 678 543 240

Polígono Industrial do Tambre
 Vía Galileo, 9
 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
 Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
 Muga
 Obalo
 Arnegui
 Azpilicueta
 Rioja Bordón
 Ramón Bilbao
 Marqués de Terán
 Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
 Prado Rey
 Cruz de Alba
 Condado de Oriza
 Dominio de Atauta
 Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
 Montebancho

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia, Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
 Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Farifia

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
 Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
 La Ossa
 Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
 Lusco
 Veigadares
 Terra D'Ouro
 Viña Sobreira
 Mar de Frades
 Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras

Toques inaugura a tempada de rutas

Os recursos naturais son un dos principais activos de Toques e a Ruta da Ermida o mellor exemplo da variedade paisaxística e dos contornos idóneos que o municipio ofrece para a práctica do sendeirismo. Coa chegada do bo tempo o Concello de Toques retoma as excursións programadas polas diferentes rutas homologadas que percorren o seu territorio e a que leva á Ermida de San Cidre serviu para inaugurar a tempada de 2013.

Unha ducia de persoas, capitaneadas polo técnico de Deportes municipal, Mauro Noguerol, completaron o pasado 21 de abril esta ruta con saída e chegada a Souto; un traxecto de 2 horas e media e 9 quilómetros que nunha primeira parte de continuo ascenso nos sitúa uns 250 metros por enriba do punto de partida. A paisaxe de montaña ábrese paso ao tempo que o fan as vistas espectaculares sobre o val. O percorrido, ao seu paso polas aldeas, ofrece tamén unha boa oportunidade para familiarizarse coa arqui-



Os participantes na ruta ao pé da Capela de San Cidre

tectura popular, a da casa grande de San Xiao co seu pombal e a capela, e tamén coas pinceladas de etnografía que xorden aquí e acolá: unha pisadora de toxo nunha palleira, unha esterqueira na eira, a fonte ao pé dunha carballeira centenaria...

A chegada á Capela de San Cidre, que mira en fite dende a distancia ao Coto do Pilar (en Melide), o punto máis alto da provincia da Coruña, marca un novo rumbo. Comeza o

descenso, que leva cara a unha paisaxe completamente diferente: a do morno val dominado polos prados de herba verde e a música dos regatos de auga. A recta final da ruta desemboca na aldea de Buxán tras un longo treito entre castiñeiros; é o Camiño de Foxén, un bo regalo para quen guste de facer sendeirismo.

A próxima ruta programada é a das Fervenzas, o 12 de maio, con saída ás 10:00 da área recreativa de Souto.

Desmantelan en Sobrado unha gasoleira ilegal

A Axencia Tributaria e a Garda Civil desmantelaron o pasado 3 de abril unha gasoleira ilegal en Sobrado que se dedicaba á venda de gasóleo bonificado a vehículos non habilitados para o seu uso.

As instalacións descubertas consistían nunha nave en cuxo interior se atopaban dous depósitos de 3.000 litros de capacidade cada un, conectados entre si, e cun surtidor dende o que se realizaba o subministro de combustible bonificado. Segundo especificou a Axencia Tributaria a través dun comunicado, no surtidor figuraba como prezo do produto 1,05 euros o litro, o que podía indicar que se estaba abastecendo

a coches e camións cun gasóleo “a un prezo moi inferior ao de mercado para este tipo de subministración”, precisaba a nota.

A nave desmantelada non tiña ningún distintivo exterior e incumpría as normas de control fixadas pola lexislación de impostos especiais. O gasóleo bonificado, cun gravame moi inferior ao do gasóleo de automoción (8,47 céntimos de euro o litro fronte a 34,30) non pode ser usado para automóbiles nin para camións, e a súa adquisición debe realizarse en establecementos autorizados. A Axencia tributaria descoñece de momento a contía total dos impostos defraudados.

Fe de erros: Na pasada edición do Cerne (nº 87, mes de abril) publicouse unha noticia na sección de comarca baixo o seguinte titular: “O PP de Santiso denuncia falta de publicidade ao elaborar o censo da auga”. Tendo en conta que o concello de Santiso non dispón dun servizo municipal de auga, resulta obvio que estamos ante un erro de redacción. A información citada e todas as argumentacións que nela se expoñen refírense ao censo e ao recibo do lixo.

NO DEJES QUE SE HAGAN FUERTES!!!

- **CONTROL INTEGRAL DE PLAGAS:**
DDD, LEGIONELLA, INSECTOCAPTORES
- **HIGIENE AMBIENTAL**
AMBIENTADORES, BACTERIOSTATICOS, HIGIENE FEMENINA
- **FORMACION:**
GESTION F.TRIPARTITA, MANIPULADOR ALIMENTOS, A.P.P.C.C.
- **ASESORAMIENTO ALIMENTARIO:**
GESTION REG. SANITARIO, AUDITORIAS E INSPECCIONES
- **LABORATORIO DE ANALISIS DE AGUAS Y ALIMENTOS**



WWW.PLAGOSTEL.COM

TLF: 986 118 714

Plagostel
CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

Soño cumprido: o Cire Melide está de volta en segunda autonómica

O Cire Melide regresa á segunda autonómica. Tras realizar unha tempada excelente na que superaron todas as expectativas e obxectivos propostos, os de Popas completaron a fazaña o pasado 28 de abril no campo de fútbol municipal e asinaron o ascenso tras impoñerse por 1-0 ao Mesía no derradeiro encontro da liguina de promoción.

O bo resultado da ida no Campo das Mariposas (1-1) concedía unha lixeira vantaxe para os de Melide, que sabían non obstante que estaban ante un partido duro no que se xogaban o ascenso ante un rival, o Mesía, que chegaba abalado polas estatísticas e o feito de ter ganado máis partidos fóra ca na casa. Era o todo ou nada, unha auténtica final; e así o viviron os xogadores no campo e o público nunhas bancadas completamente cheas. Con boas gorxas, bombo incluído e camisetas azuis co lema “non é un equipo, é un equipazo”, a afección do Cire animou aos seus en todo momento. A réplica déronllela os propios xogadores, que á saída dos vestiarios quixeron agradecer o apoio dos seareiros durante a tempada vestindo camisetas nas que se podía ler: “grazas afección por estar todos os domingos aí”.

Con tan boa sintonía deu comezo o partido e a primeira alegría non tardou en chegar: no minuto 9 un gol de Rifi adiantaba ao Cire. As bancadas estoupaban de alegría ao ver o ascenso máis preto, pero aínda quedaba moito camiño por diante e así foi que no minuto 20 o Mesía case bota as ilusións por terra ao mandar o balón ao traveseiro nun lanzamento de falta. Precisamente os lanzamentos de falta foron os que crearon máis ocasións de perigo contra o final do primeiro tempo, cando se acentuou a presión sobre a portería do Cire. Os locais souberon defender e chegaron con vantaxe ao descanso.

A segunda parte estivo marcada por contadas pero claras ocasións de gol, sobre todo para o Cire, que gozou de ata tres oportunidades para incrementar a diferenza no taboleiro. Tamén o Mesía tivo a súa contra o minuto 77, de novo cun lanzamento de falta



Parte do equipo no céspede do campo municipal ao remate do partido



Os xogadores manteñan ao adestrador trala vitoria ante o Mesía



que interceptou o porteiro, Miki, aplaudido pola afección.

Coas forzas igualadas o tempo transcorreu, máis o final semellaba non dar chegado nunca. Especialmente criticada foi a decisión do árbitro de prolongar 6 minutos o tempo de desconto. O público asubiaba dende as bancadas e berraba pedindo o remate do partido, temeroso de que o mal fado puidese botar abaixo un ascenso que xa estaba firmado. Finalmente o chifre soou e o campo do Cire converteuse no campo da festa. Xogadores e equipo técnico botáronse ao céspede para celebrar entre risas e

apertas que regresaban oficialmente a segunda autonómica.

Tamén fixeron o propio os membros da directiva. Entre eles María Gómez, quen, emocionada, definía o éxito acadado como “unha recompensa merecida” despois dos malos momentos que viviu o club. “En outubro xa dabamos por cumpridos os obxectivos desta tempada”, declaraba, “isto é un premio para o equipo técnico, os adestradores, a afección e os 24 xogadores do equipo, que traballaron moito máis do que nós lles pedimos”. Soño cumprido. É tempo agora para o merecido descanso e os novos obxectivos.



El Tchoas, nº1
15800 Melide (A Coruña)
Tfno.: 627 570 685

Cervexería Cafetería



O' TRASNO

Rda. de Pontevedra, 30 - 15800 MELIDE

**HOSPEDAJE - PARRILLADA
RESTAURANTE - BAR**

Sony

Tfno/ Fax: 981 505 473
Ctra. de Santiago, s/n - MELIDE
www.restaurantesony.com
sony@restaurantesony.com

Peluquería



EL ASEO

Tfno.: 981 50 51 59
Rúa San Pedro, 7 • 15800 MELIDE

Suso Ascariz consegue o pase a Lorient



O pasado 21 de abril celebrouse en Teo o concurso de selección para o trofeo MacCrimmon. O gaiteiro de Toques Suso S. Ascariz foi un dos catro seleccionados para representar a Galicia no Festival Interceltique de Lorient, Francia. O concurso terá lugar o día 3 de agosto e nel participarán representantes de Galicia, Asturias e Bretaña, tendo que tocar cada un deles repertorios dos tres países. O festival de Lorient é o concurso de gaita máis prestixioso do panorama internacional, avalado por gañadores como Carlos Núñez, Edelmiro Fernández, Hevia ou José Manuel Tejedor. Este será o cuarto ano que Suso S. Ascariz participe coa intención de traer o trofeo para a Terra de Melide. Ademais tamén tocará cos Tromentos, grupo do que forma parte, que estarán no Festival Interceltique cinco días presentando o seu disco “Folk de velcro”.

O VI Rally da Ulloa pasará por Melide

Comezou en Palas e Monterroso pero este ano por primeira vez tamén pasará por Melide. O Rally da Ulloa chega os días 24 e 25 de maio á vila cun tramo urbano e outro por estrada. O primeiro deles é un “tramo espectáculo” que se desenvolverá pola noite no campo da feira. O segundo transcorrerá por pistas con punto de saída en Arzúa e chegada na capital melidá. No rally, puntuable para o campionato galego, xa están inscritos máis de 100 partici-



pantes. Entre eles está o piloto local Alberto Otero, que malia estar a competir no campionato de España non quixo

faltar á cita co rally “do seu pobo”. El, Pedro Burgo, Luis Vilariño e Iván Ares son os favoritos para facerse coa vitoria.

Segue vivo o día grande dos hostaleiros



Parece que sempre colga dun fío e que cada edición será a última, pero ano tras ano a Festa da Hostalería segue a celebrarse para goce de quen ten pasar 364 días detrás da barra. Esta ano non foi menos e a celebración contou cun bo cartel de orquestras: París de Noia e Fania Blanco Show amenizaron unha noite na que previamente os asistentes deron boa conta dun menú a base de polbo, carne ao caldeiro con patacas, sobremesa e café.

16 de maio, Festa da Xuventude de Val

A aldea de Val, no Concello de Agolada, acollerá o próximo xoves 16 de maio unha nova edición da Festa da Xuventude. As dúas mellores orquestras de Galicia, Panorama e París de Noia, daranse cita nesta celebración organizada por un grupo de amigos dende hai oito anos. Ademais da boa música, haberá tamén polbo, churrasco, empanada e unha carpa en caso de que as condicións climatolóxicas o requiran. En previsión dunha grande afluencia de xente, a comisión de festas habilitará un amplo aparcamento para coches. Tamén haberá servizo de autobuses. Unha das liñas sairá de Melide (discoteca Palladium) ás 23:00 e ás 00:30. Pasará por Palas de Rei (Concello), Monterroso (restaurante Arxiz), Antas de Ulla (Farelo), Agolada (Latino) e Val. Á volta os autobuses sairán ás 6:00 e 7:30 da madrugada.



A Festa do Pulpo aspira a bater un récord mundial

É a primeira edición pero comeza con forza. A feira gastronómica “Melide pulpo no camiño”, que se celebrará o próximo 17 de maio en coincidencia coa festividade das letras galegas, aspira a facer da vila o escenario dun récord mundial: o Cantón de San Roque acollerá a presentación do prato de pulpo máis grande do planeta, de 3,70 metros de diámetro.



Logotipo da festa

O acto, conducido polo presentador da TVG Xacobe Pérez, será o gran atractivo dunha feira que inclúe outras moitas e moi orixinais actividades. Entre elas destaca o “Gran Derby Asnal”, que suporá a volta ás pistas de carreiras do famoso burro Ferrari e do seu propietario, o coñecido xinete local Francisco Porto. A competición dará comezo ás 18:45 e previamente haberá unha exhibición de doma de alta escola e de doma en liberdade. Na xornada de mañá os cabalos tamén serán protagonistas doutra exhibición, neste

caso de andadura. Ademais, os cativos que o desexen poderán participar de xeito gratuíto na escola infantil de monta en ponis, que estará operativa cinco horas ao longo de todo o día.

A festa completárase co 1º Certame de Charangas, no que participarán A Tralla, de Melide; Os Amigos, de Visantón; Chiringhota, de Agolada; Ardores, de Muimenta; e BB+, de Santiago. Como non podía ser doutro xeito, tamén haberá pulpo, que se poderá degustar por 6.50 euros a ración nunha carpa instalada no Cantón.

Paula Carballeira contaxia a súa paixón pola literatura



Os pequenos atenderon sen pestanexar aos contos de Carballeira

“Vouvos contar unha historia desas que ides recordar”. Con frases coma esta prendeu a afección lectora en miles de cativos ao longo do tempo. E precisamente con esta frase comezou Paula Carballeira a sesión de contacontos coa que a Biblioteca Pública Municipal celebrou o Día do Libro. Alumnos de 4º, 5º e 6º dos tres colexios de Melide foron atrapados pola literatura contada, feita verbas, da actriz ferrolá, coñecida pola súa participación na serie “Libro

de Familia”. “Os contos”, explicou a narradora, “son a mellor ponte para que os cativos vaian logo aos libros buscar as súas propias historias, esas que se gozan en intimidade porque parecen estar feitas para ti”. É a maxia da lectura, a mesma que intentaron transmitir a Concellería de Cultura e a biblioteca con varias actividades programadas ao longo do mes de abril, como a visita de Xosé Neira Vilas ao instituto ou a exposición “As mil carapuchiñas”.

O lume dos “foliadeir@s” incendia Melide na maior festa da cultura

Fóra vai un frío do demo pero as voces dos Trapeiros están quentes e á porta do Estilo xa advirten que eles na Foliada “tocan en Melide ata a madrugada”. Quizais non haxa mellor acerto ca acudir ao concurso de Cantos de Taberna para compoñer entre os seus centos de estrofas unha definición do que representa a Foliada de Melide, un evento que conxuga a partes iguais festa e cultura e que volveu converter as rúas da vila o pasado 27 e 28 de abril no epicentro da música e do baile tradicional.

Precisamente foron os Cantos de Taberna, convertidos en sinal de identidade da Foliada, quen deron inicio á troula. O premio do concurso foi para Abóbriga, de Baiona, pero de seguro que tamén levaron boa recompensa as 17 agrupacións, 19 bares da zona vella e centos de persoas que fixeron retumbar o casco histórico. A mañá fíxose pequena para tanta música e axiña foi tempo

de entregarlle o testemuño ao baile, que foi collendo xeito cun obradoiro impartido por Luis Prego. A chuva obrigou a trasladar o taller aos baixos do concello e o espazo quedou pequeno. Mais cando o sol permitiu que regresase ao exterior, a Praza do Convento quedou pequena tamén. Había afección e ganas de bailar.

O obradoiro foi un bo anticipo do serán, onde os pasos van máis por libre. Sobre a pedra da Praza das Coles bailou quen quixo e canto quixo ao son da música dos 16 grupos que foron pasando polo escenario nun desfile sen pausa. Chegou a madrugada pero a festa continuou co concerto de Vaamonde, Lamas e Romero: exquisitez e calidade da man de tres referentes da música tradicional galega que mesturaron as notas co humor e doses xustas de teatralidade. Nunha liña diferente, Pelepau puxo fin á primeira xornada da Foliada sorprendendo aos asistentes coas súas rítmicas

versións de cancións populares. Percusión e doce voces masculinas que mesmo fixeron do coñecido “Caneco” unha peza con aires caribeños.

Domingo foi unha xornada de estreos: a das novas incorporacións á programación da Foliada. Pola mañá os “Concertos a pé de rúa” cos Melidaos e Leirabuxo tocando na zona dos viños. Pola tarde a tradición cántabra e asturiana da sección “Músicas de raíz”. Coa xornada xa avanzada, aínda faltaba un dos pratos fortes da novena edición; o concerto de Sés, a rebelde bergantiña que puxo o fin de festa coas súas letras “contra a educación na sumisión, na maleabilidade e contra a parte chungha da tradición”.

E como todo, o que empeza acaba. Pero xa o dicía Herba Grileira a voz viva no Chiquitín: “el amor es como el fuego, cuando prende no hai remedio”. Así é a Foliada tamén; quen a proba xa non deixa de volver. Para o ano máis.



Participantes nos Cantos de Taberna polas rúas de Melide



A Foliada destaca por ser un evento que integra a todas as xeracións

CAFÉ - BAR

MANÁ

Rúa Galicia, 7 - 15800 MELIDE (A Coruña)



*Pratos combinados
tortillas, raxo, zorza,
bocadillos quentes...
Cafés especiais*

*Os venres, en directo,
música tradicional galega
Hora: 11 da noite*



A Foliada: un exemplo de altruísmo

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

Os seres humanos, debido a súa condición social, precisan de requisitos necesarios para que a sociabilidade humana funcione. Podemos preguntarnos: Cal é a estrutura ética que fai posible a vida social grupal? Cales son os valores básicos nos que se apoia a grupalidade? Tanto unha pregunta como a outra podemos resumila nunha resposta sinxela, pero cargada dun fondo significado, a cooperación altruísta. Hai quen refire a que a base do altruísmo redúcese unicamente ao parentesco e ás relacións solidarias que se xeran entre o grupo de parentes. Mais, permítanme dicir que, aínda estando de acordo que as relacións de parentesco poden ser fundamentais, tamén aquelas que redundan no ben común, sexa este material ou adquirir calquera tipo de simbolismo, son un dos fundamentos principais da nosa sociedade e que en demasiadas ocasións esquecemos con facilidade. Quizais o exceso de individuo nos faga miopes.

Nos últimos quince anos as mudanzas tecnolóxicas, sociais e culturais xeraron un cambio que está afectando en



todas as relacións entre as persoas, tanto a nivel laboral como de interacción e, principalmente, naquilo que ten que ver coa sociabilidade. Aínda así, e en contra do que algúns profetizaban, o altruísmo e as relacións baseadas na reciprocidade continúan a ser a liña de flotación da nosa sociedade en xeral. De feito, o único que

realmente explica que as persoas sigan a sobrevivir nesta xeira ultracapitalista é o altruísmo de moitas persoas que están a axudar aos seus parentes e tamén a descoñecidos sen pedir nada a cambio.

A Foliada, entre os moitos significados que emana e algúns deles xa os fomos expoñendo en colaboracións

anteriores neste medio, tamén nos permite afirmar que debido ao altruísmo dun grupo de mozos e mozas podemos gozar dun acto festivo que está alcanzando cotas impensadas.

Polo tanto, a cooperación altruísta converteuse na dimisión básica da vida en sociedade que atopa a súa confirmación cando se analizan os

niveis de satisfacción ou felicidade que alcanzamos mediante experiencias concretas e, así, incide no benestar social e persoal. De feito, a inspiración do tema da colaboración deste mes atopeino nunha persoa que me relatara que seica era o primeiro ano que gozaba da Foliada debido a que en anos pretéritos sempre tiña que traballar; ás súas verbas me remito: “Facía moito tempo que non o pasaba tan ben, que non me ría tanto”.

En definitiva, como un dos efectos do altruísmo é a reciprocidade, pois creo que é de xustiza realizar un agradecemento especial dende este medio aos seus organizadores e colaboradores. Dicirles que o seu espírito incansable en prol do ben común conta co noso agradecemento e que quero facer público dende estas liñas. Non son eu o que agradezo, son moitas as persoas que expresan o mesmo. Non debemos esquecer que esta festa, que xa dicimos que é nosa, unicamente é posible debido ao amor dunhas persoas por estas terras e porque creen que o gozo non ten por que medirse en rendibilidade económica.

Máis sobre o camiño de Santiago

Xosé Núñez López

A lectura no Cerne anterior do artigo “Camiño de oportunidades” abríume o camiño (nunca mellor dito) para escribir este texto cuxo contido, se non fora porque non quero cometer plaxio, asinaría na súa totalidade no que se refire á parte material; é dicir, a aproveitar as posibilidades de negocio que ofrece a Ruta Xacobe.

O escrito da xunta directiva de Asetem aconsellaba aos establecementos para que o comportamento cos peregrinos fose correcto e non abusan dos prezos polo feito de estaren ante clientes forasteiros. O artigo tamén facía unha chamada aos negocios para que o trato cos camiñantes fose profesional e nunca diferente ao dos clientes habituais. En relación con todo isto, publicou a prensa galega xa hai algúns anos o que dous

homes, un arxentino e outro catalán que fixeron o Camiño xuntos, cualificaban como “aspecto negativo” da ruta: o feito de que dous bares dunha vila se pelexaban polos peregrinos.

Estatísticas recentes confirman que por termo medio cada peregrino deixa no Camiño de 26 a 30 euros diarios. Polo tanto, penso que deberiamos esmerarnos non só no trato a nivel persoal cos camiñantes, senón tamén por darlles as máximas facilidades e por amañar o mellor posible o camiño. A sinalización é deficiente en moitos lugares, tal é o caso de Santa María de Melide, onde a frecha indicativa non é visible, especialmente para os que van en bicicleta. Ao deixar a estrada a Santiago collen velocidade na recta e pasan de longo ata chegar ao sitio coñecido como “o Cruce

dos oitos”, en Rendos-Pezobre. Dende alí van ata Arzúa por unha ruta de 16 km que nunca foi Camiño de Santiago.

O día 8 de maio de 2008 os concellos de Asís (Italia) e o de Santiago irmandáronse e fundaron unha nova ruta xacobeá á que lle chamaron Camiño de San Francisco. Agora que temos o Papa Francisco, e sabendo que San Francisco de Asís peregrinou a Santiago no ao 1.214, sen dúbida a xuntanza destas circunstancias han e favorecer un aumento de peregrinos a Compostela. É por isto que cada galego debemos poñer o noso gran de area para que os cidadáns do mundo que nos visiten leven todos unha boa imaxe, tanto das impresionantes paisaxes da nosa terra como da amabilidade das xentes que a poboamos.



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade
Rúa San Pedro, 16
MELIDE**

**Agora tamén café, chocolate
e infusións**

**Tenda: 981 505 723 - Queixería: 981 510 702
Balada - Visantón (SANTISO)
xebre@telefonica.es**

ANA MARÍA TOBÍO PÉREZ, EKATÉ

“O cliente valora moito o asesoramento, o consello e a atención personalizada”

Ekaté, unha tenda de recente apertura en Melide, rompe tópicos. É o claro exemplo de que o que sempre asociamos á cidade e ás grandes superficies se pode atopar perfectamente nunha vila con certo pulo comercial. Prendas das mellores marcas, cunha boa relación calidade-prezo, variadas e

pensadas para un público xuvenil fan deste novo negocio un lugar de visita obrigada para quen queira vestir ben. Un comercio de vangarda que aposta polo mellor do tradicional: “o asesoramento, o consello e a atención personalizada” que quen leva as rendas da tenda, Ana Tobío, tanto valora.

-Para os melidenses Ekaté soa a novo, pero a súa tenda xa ten certo percorrido...

-Ana Tobío (A.T.): En realidade é un proxecto moi recente. Meu marido máis eu somos de Ordes e alí comezamos hai cousa de cinco anos. Antes dedicabámonos á hostalería e tiñamos un bar na movida, pero a vida vai cambiando e ao ter familia decidimos apostar por algo que nos permitise dedicarlle máis tempo aos nenos e ter mellor calidade de vida. Pareceunos que había un oco no comercio de Ordes e así empezamos, arriscando, como pasa sempre no mundo dos negocios.

-Como é que viñeron dar a Melide?

-A.T.: Basicamente porque se nos presentou unha ocasión inmejorable. Unha das marcas coas que traballamos viu que había un nicho no mercado da vila e a propia casa montounos a tenda. Era unha boa oportunidade, cun investimento mínimo e unha localización excelente. Certo é que lle demos unha volta á zona e valoramos cal era o noso público obxectivo e se habería demanda suficiente. Vímolos ben e decidimos instalarnos aquí.

-Que opinión lles merece Melide a nivel comercial con respecto a outros lugares?

-A.T.: Melide ten moita vida e sempre hai movemento de xente. Sendo Ordes unha vila máis grande e cunha área de influencia importante, ten menos comercio. Non sei se é debido a que cidades como A Coruña ou Santiago están a 20 minutos. Aquí no verán hai moito dinamismo, sempre ves moita xente pola rúa, sentada



Ana Tobío (esquerda) acompañada pola empregada de Ekaté, Yolanda Vázquez

nas terrazas... iso en Ordes, por exemplo, non existe.

-Que tal está respondendo a clientela?

-A.T.: Ben, estamos contentos. Somos novos, non nos coñecen... e temos que ir pouco a pouco. Pero está entrando moita xente a mirar e en xeral gusta o que temos. Ao mellor ese día non compran nada pero ao seguinte xa mercan. Temos unha ampla gama de tallas, tanto para mozo como para moza, e nos últimos meses fomos incorporando novas marcas. A día de hoxe hai máis variedade que ao principio; empezamos con poucas pero agora xa case temos o dobre. Na campaña de inverno comezaremos a traballar tamén con Pepe Jeans. En agosto xa imos ter algo e a partir de setembro incorporaremos moito máis.

-As prendas de marca ofrecen máis garantías?

-A.T.: Eu penso que cando pagas un prezo, a prenda sae mellor. Pasa no punto, pasa no algodón, pasa na confección... Por outra banda, son prendas un pouco máis exclusivas; non é o que viste todo o mundo. Aínda que se trate de vaqueiros con prezos de 30 ou 40 euros que podes localizar en Zara, non son os que leva todo o mundo. E logo tamén está o feito de que as casas responden polas prendas que fan se hai algún tipo de problema. Digamos que se establece unha relación de confianza co cliente, por iso hai persoas tan fieis a certas marcas.

-Podemos considerar a Ekaté un outlet?

-A.T.: Non, para nada. Temos outra tenda outlet con roupa

fóra de campaña e tallas soltas con descontos de entre o 30% e o 70% todo o ano. Pero ese non é o caso de Ekaté. Aquí toda a roupa é de tempada e temos prezos medios e medios-altos. Iso si, a relación calidade - prezo é moi boa.

-Para unha tenda da natureza de Ekaté, onde está o principal foco de competencia?

-A.T.: Nas grandes superficies, sen dúbida. De todos os xeitos a xente tamén é moi fiel ao comercio pequeno e hoxe en día nos pobos podes localizar de todo porque hai moita oferta. Antes había só a típica tenda na que ou atopabas alí o que estabas buscando ou marchabas coas mans baleiras. Agora é diferente: saes de aquí, vas a tenda do lado ou a de enfrente e tes máis varie-

“A partir do mes de setembro comezaremos a traballar tamén con roupa de Pepe Jeans”

“Crieime sempre dando de comer a quen a min me dá; hai que mercar na vila para que medre”

dade. Antes o consumidor ía mais aos centros comerciais pola comodidade de que se non atopabas nun lado, atopabas noutro. Agora non. Ademais o cliente valora moito o asesoramento, o consello e a atención personalizada... iso nas grandes superficies non é o mesmo.

-Vexo que é firme defensora do comercio tradicional...

-A.T.: Crieime sempre dando de comer a quen a min me dá. Isto é unha cadea. Se ao resto lle vai ben, a ti tamén che vai ben. Hai que mercar na vila para darlle vida e que medre.

EKATÉ

Cantón de S. Roque, 11

Tlf: 881 97 74 17



Grazas a tod@s
por un magnífico
2º aniversario



Raquel Atanes e V TV
volsen a Melide!!

SÁBADO 11 DE MAIO

Ponte guap@ para saír en
TU NIGHT



Raquel
Atanes

**ÁS 9 DA NOITE
NA BOA VIÑA**

**ÁS 2 DA MADRUGADA
NO PUB Q+**

8º aniversario

En cabina DJ
GABY SHOCK

**nueva
imagen**

**nuevo
sonido**

**VIERNES
maio**

24

- Lluvia de Cd's.
- Regalos personalizados.
- Presentación de fotomatón donde podrás hacer tus fotos para llevar. (Gratis).
- Azafatas, go-go's, drag queens, sorpresas...
- **Macrofiesta imagen Beefeater 24 con:**
- Máquina enfriadora de nitrógeno.
- Barman acrobático campeón gallego.
- Degustación de cócteles y gin-tonics (Gratis).

- Sorteo especial de:

1.000 €

SOMOS OS LOCAIS DE REFERENCIA EN MELIDE!!